



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR) 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Mercedes Rodríguez Moreda, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar coa Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (en adiante CONXEMAR) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 26 de setembro ata o 30 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e CONXEMAR para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros, dentro do *"International World Congress on Global Fisheries Production"*, o 1 de outubro de 2018.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

- Degustación de produtos do mar no Congreso.
- Gastos de explotación do Congreso
- Servizo de catering do Congreso.
- Servizos de desprazamento e aloxamento de poñentes e asistentes ao Congreso.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos".

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Son fins de CONXEMAR o fomento e a defensa do sistema de libre mercado, a mellora da competitividade, a defensa dos intereses do sector e a promoción de toda clase de campañas de fomento do consumo de produtos conxelados e, en particular, dos derivados da pesca.





Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) organiza o “*International World Congress on Global Fisheries Production*” o 1 de outubro de 2018.

No Congreso Mundial, que versará sobre a produción mundial e os seus efectos na pesca marítima, a acuicultura e o comercio, expertos de primeiro nivel mundial da OCDE, Banco Mundial, Comisión europea e a FAO, así como directivos de empresas internacionais e autoridades pesqueiras dos principais países produtores do mundo analizarán as tendencias na produción mundial das especies de maior interese comercial e os seus efectos no comercio e na industria de procesado mundial. Estes temas serán amplamente analizados y debatidos durante este Congreso.

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización de accións que redunden nunha mellora do sector dos produtos da pesca e a acuicultura e as industrias relacionadas, en materias tales como a comercialización, a promoción e o fomento do consumo de produtos pesqueiros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a

